

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	<b>Xeografía e Historia</b>	Pág.	1
Curso / Ciclo	<b>Curso 2024-25 - 3º ESO</b>		
Profesor/a responsable	<b>María Saavedra Ricoy</b>		

### CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

#### 1º PARCIAL:

- **Organización política das sociedades.** Os réximes políticos e a organización dos Estados. Organización política e territorial de España. As relacións internacionais. A Unión Europea e as súas institucións.

- **A actividade económica nun mundo globalizado.** Os axentes económicos e as súas relacións: empresas, familias e Estado. Os factores de produción: recursos naturais, capital, tecnoloxía e traballo. Os sistemas económicos. Tendencias económicas actuais. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado. Consecuencias da globalización: desigualdades, desprazamentos da poboación e multiculturalidade. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.

- **Os sectores produtivos.** Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos en Galicia, España e a Unión Europea, a súa transformación e evolución (SECTOR PRIMARIO).

#### 2º PARCIAL:

- **Os sectores produtivos.** Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos en Galicia, España e a Unión Europea, a súa transformación e evolución (SECTOR SECUNDARIO E TERCIARIO).

- **O poboamento e a poboación.** Formas de poboamento e a súa transformación. Evolución da poboación e retos demográficos en España e Galicia: envellecemento, despoboamento rural e políticas demográficas. Diversidade social, etnocultural e de xénero, camiño da integración e a igualdade real.

- **A crise do Antigo Réxime e a orixe do mundo contemporáneo.** O Antigo Réxime. A Ilustración. O Despotismo ilustrado. Síntomas e propostas de cambio: da servidume a cidadanía. As Revolucións burguesas. **A chegada dunha nova dinastía en España.** Reformismo Borbónico. Guerra de Independencia e Constitución de 1812.

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

### PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.

- Durante o curso os alumnos e alumnas coa materia de Xeografía e Historia 3º ESO pendente realizarán **Boletíns de Actividades de Reforzo** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos e alumnas encargarse de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnado poderá consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lle poida presentar na elaboración das actividades.

- **A materia dividirase en dous parciais. Para poder aprobar os correspondentes parciais** os alumnos e as alumnas deberán presentar as **actividades dos Boletíns de Reforzo completas e correctas**. A materia quedará superada se se dan as seguintes circunstancias:

- **Aprobando ambos parciais** (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles).

- **Obtendo unha cualificación  $\geq$  que 5** na media aritmética das cualificacións dos parciais.

Nota: (Nota 1ºParcial + Nota 2º Parcial) / 2.

- **Aqueles alumnos ou alumnas que non aprobe** a materia deste xeito poderán realizar unha **Proba final** no mes de maio, que se puntuará sobre 10 e na que entrarán todos os contidos traballados. Esta proba terá a seguinte estrutura:

- Unha primeira parte será de carácter teórico e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- Unha segunda parte será de carácter máis práctico e poderá constar dun comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas, completar un mapa...

- O alumnado que **non aprobe a materia pendente na Proba Final** do mes de maio, terá **outra oportunidade para recuperala tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación parcial e a sesión de Avaliación Final Ordinaria.**